



Xeacronos_4
Xeografía e Historia
4ºESO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



RAQUEL BARREIRA e RAMÓN NOCHE
LICENZAS DE FORMACIÓN 21-22

GUÍA DIDÁCTICA

Índice

1.- PRESENTACIÓN	1
2.- OBXECTIVOS	3
3.- ASPECTOS CURRICULARES	5
4.- METODOLOGÍA E ORIENTACIONES DIDÁCTICAS	13
5.- ACTIVIDADES	15
6.- RECURSOS DE AVALIACIÓN	17
7.- AGRADECIMENTOS	18

1.- PRESENTACIÓN

XEACRONOS 4 consiste na **secuenciación didáctica completa** da materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO en formato **curso de aula virtual**. A súa estrutura e función sitúaa no marco dos **Recursos Educativos Abertos (REA)**¹; é dicir: XEACRONOS 4 permite a súa implantación na aula respectando os dereitos de autor con licenzas de reutilización e reelaboración que favorecen o seu uso por parte do profesorado e, ademais, a súa adaptación aos contextos educativos concretos nos que se move o profesorado.

As **unidades didácticas** que integran XEACRONOS 4 son:

UD 0.- TEMPO E ESPAZO NA HISTORIA

UD 1.- ANTIGO RÉXIME E ILUSTRACIÓN

UD 2.- AS REVOLUCIÓNS LIBERAIS

UD 3.- A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

UD 4.- IMPERIALISMO E PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

UD 5.- A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS

UD 6.- A SEGUNDA REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL

UD 7.- A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

UD 8.- A GUERRA FRÍA. A DESCOLONIZACIÓN. CAITALISMO E COMUNISMO

UD 9.- DITADURA FRANQUISTA E TRANSICIÓN

UD 10.- O MUNDO ACTUAL E A GLOBALIZACIÓN

¹ A definición de REA por parte da UNESCO incide en que “son materiais de ensino, aprendizaxe e investigación que empregan ferramentas axeitadas, como as licenzas abertas, para permitir a súa libre reutilización, a súa mellora continua e a súa adaptación por terceiros con fins educativos” (<https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000373558>)



XEACRONOS 4 supón, por último, a continuidade con respecto ao curso moodle XEACRONOS 1º ESO elaborado por Miguel Carricoba e Ramón Noche no marco dunha licenza de formación no curso 13-14, curso dispoñible na aula virtual do CAFI na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/course/view.php?id=498>

2.- OBXECTIVOS

1.- Elaborar un Recurso Aberto de Aprendizaxe (REA) para a materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO.

2.- Potenciar o uso da aula virtual, tanto a dos centros educativos como a do entorno EVA-EDIXGAL.

3.- Deseñar unhas unidades didácticas conforme ao currículo vixente de carácter aberto e facilmente editable, de xeito que permitan o seu uso e a súa adaptación aos distintos contextos educativos.

4.- Ofrecer ao profesorado un material que sirva de base para o deseño e organización do proceso de ensino-aprendizaxe que considere máis axeitado ás necesidades do seu centro.

5.- Atender aos estándares de aprendizaxe e competencias recollidos no currículo (Decreto 86/2015).

6.- Integrar medidas de atención á diversidade e de promoción da convivencia.

3.- ASPECTOS CURRICULARES

Na seguinte táboa pode verse a relación dos contidos curriculares establecidos para a materia de 4º de ESO de Xeografía e Historia (Decreto 86/2015) coa secuenciación didáctica de Xeaños 4:

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Estándares de aprendizaxe	UNIDADES DIDÁCTICAS	Competencias clave
	Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789			
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. 	U.D. 1: ANTIGO RÉXIME E ILUSTRACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • f • h • l • n • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ilustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> • f • g • l • n 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT 			

Bloque 2. A era das revolucións liberais				
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. 	U.D. 2: AS REVOLUCIÓNS LIBERAIAS <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
Bloque 3. A Revolución Industrial				
<ul style="list-style-type: none"> • f • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. 	U.D. 3: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
		<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 			

<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • h • l • m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • l • n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> • g • l • m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT
<p>Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial</p>				
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. 	<p>U.D. 4: IMPERIALISMO E I GUERRA MUNDIAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • g • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 				

<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Revolución Rusa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l • n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. A arte no século XIX. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)				
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. 	U.D. 5: A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. 	U.D. 6. A. II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)				
• g • l	▪ B6.1. Orixe da II Guerra Mundial.	▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	U.D. 7. A. II GUERRA MUNDIAL	▪ CSC ▪ CAA
• g • h • l	▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.		▪ CSC ▪ CAA
		▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.		▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.		▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
• a • d • l	▪ B6.3. O Holocausto.	▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	▪ CSC	
• g • h • l	▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	U.D. 8. A GUERRA FRÍA. A DESCOLONIZACIÓN. CAPITALISMO E COMUNISMO	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.		▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
• a • d • g • h • l	▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.		▪ CSC ▪ CCL
		▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsah (anos 50 e 60) e a India (1947).		▪ CSC ▪ CAA
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético				
• a • d • g • h • l	▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".	▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	
		▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	▪ CSC	

<ul style="list-style-type: none"> • f • g • h • l • m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica 	U.D. 9. DITADURA FRANQUISTA E TRANSICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI				
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. 	U.D. 10. O MUNDO ACTUAL E A GLOBALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. 	U.D. 9. DITADURA FRANQUISTA E TRANSICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. 	U.D. 10. O MUNDO ACTUAL E A GLOBALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI				
<ul style="list-style-type: none"> • e • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> • e • f • g • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> • e • g • h • l • m • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do queceamento global, como o desxeamento do Báltico. ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> • f • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Cambio e continuidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. 	U.D. 0: TEMPO E ESPAZO NA HISTORIA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • f • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Tempo histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

4.- METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

A metodoloxía de XEACRONOS 4 insértase nas recomendacións establecidas no currículo da materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO, que recolle que “*o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía e a Historia permiten desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas*”.

XEACRONOS 4 integra as TICs ao presentarse en formato de curso de aula virtual moodle. Complementariamente, ofrece unha versión descargable de apuntamentos e tarefas para paliar as posibles carencias e deficiencias dos recursos dixitais en determinadas situacións e contextos educativos e sociais. Así mesmo, permite o traballo individual e cooperativo, presentando actividades nesta liña metodolóxica e combinando actividades de reforzo con actividades de ampliación, o que permite atender á diversidade na aula.

As liñas metodolóxicas establecidas no currículo inciden no papel do profesorado, ao definilo como “*orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado*”. XEACRONOS 4 ten como unha das súas prioridades metodolóxicas esta concepción do profesorado e por iso se basea na flexibilidade e plasticidade dos Recursos Educativos Abertos (REA), que permiten a súa modificación para ser adaptados a realidades educativas diversas e concretas.



Deste xeito, apóstase por aproveitar as funcionalidades presentes no entorno *moodle*, soporte das aulas virtuais dos centros educativos e do espazo EVA-EDIXGAL. Todos os apuntamentos teóricos, actividades e recursos son facilmente editables; deste xeito, poden ser adaptados polo profesorado ás necesidades derivadas do seu entorno e ás estratexias educativas que considere oportunas. Cómpre ter presente que o papel do profesorado usuario de XEACRONOS 4 é fundamental, dado que establecerá tanto a presentación final de contidos como a secuenciación das distintas actividades didácticas, tendo plena autonomía para decidir a liña metodolóxica. XEACRONOS 4 non está deseñado para o seu traballo directo por parte do alumnado, aínda que posúa unha dimensión interactiva.

Seguindo a pauta establecida na estrutura predeterminada de XEACRONOS 4 (*Apuntamentos>Recursos>Actividades>Obradoiro*), pode aplicarse unha estratexia de aprendizaxe baseada na presentación dos contidos e despois no traballo sobre os mesmos empregando actividades de diverso tipo. Tamén pode partirse das actividades como punto inicial, para construír as aprendizaxes desde elas.

5.- ACTIVIDADES

As unidades didácticas que integran XEACRONOS 4 posúen unha **estrutura artellada** en catro apartados:

- Apuntamentos.** Os apuntamentos preséntanse tanto en formato dixital (en formato libro de *moodle*) como en documento .pdf .odt para a súa edición por parte do profesorado. Este bloque, de marcado carácter teórico, acompáñase de dous apartados, *ARGUMENTA* e *INVESTIGA*, nos que se recollen tanto cuestións de comprensión dos contidos como de procura de información complementaria por parte do alumnado.

Os apuntamentos están elaborados a partir, fundamentalmente, dos recursos educativos abertos do Ministerio de Educación e Formación Profesional: [Xeografía e Historia de 4º da ESO do proxecto EDAD](#), [Itinerarios Didácticos do INTEF](#), e [proxecto Kairos](#). Contouse, así mesmo, con recursos elaborados por profesorado como [Daniel Gómez Valle](#), [Antonio Jesús Roca Torres](#) ou [Francisco Ayén](#) ou [Rosa Liarte](#) que licencian os seus materiais en aberto, feito que supón un gran beneficio para toda a comunidade educativa.

- Recursos.** Este apartado recolle os materiais multimedia externos que complementan os apuntamentos. Non pretende ser un repositorio exhaustivo e está deseñado de xeito que o profesorado poida eliminar e/ou engadir os recursos que considere de interese para a súa aula.

□ **Actividades.** Este epígrafe recolle actividades variadas para o alumnado, en gran medida centradas nos estándares de aprendizaxe marcados polo currículo da materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO. Desde o punto de vista formal, as actividades que se recollen son, fundamentalmente:

- **Cuestionarios de autoavaliación** empregando a ferramenta *proba* de moodle.
- Actividades interactivas empregando as **ferramentas H5P**.
- **Tarefas en formato moodle** para ser elaboradas e remitidas polo alumnado ao profesorado.

□ **Obradoiro.** Este apartado está orientado a presentar actividades individuais e grupais de creación de contidos por parte do alumnado que permitan promover a convivencia e atender á diversidade. Ao igual que os bloques anteriores, todos os obradoiros poden ser editados facilmente polo profesorado para axeitalos ás súas necesidades educativas.

6.- RECURSOS DE AVALIACIÓN

A avaliación está integrada en todos os materiais de XEACRONOS 4: no apartado **apuntamentos** existen dúas modalidades de avaliación dos contidos tratados, os espazos *ARGUMENTA* e *INVESTIGA*, que permiten actividades de reforzo e ampliación avaliadas polo profesorado. O apartado **actividades** é o espazo no que máis presenza teñen os recursos de avaliación. A este respecto cómpre salientar que se deseñaron actividades que requiren da avaliación do profesorado (tarefas en formato *moodle*) e actividades na que o alumnado pode obter a **retroalimentación automática** dos seus resultados (cuestionarios de autoavaliación e actividades en formato H5P).

Por último, o apartado **obradoiro** contén proxectos de investigación de diversa escala que permiten a avaliación por parte do profesorado.



7.- AGRADECIMENTOS

Ademais do profesorado do que se empregou os seus recursos educativos abertos que poñen xenerosamente a disposición de toda a comunidade educativa e que foron mencionados no epígrafe 5 ([Daniel Gómez Valle](#), [Antonio Jesús Roca Torres](#), [Francisco Ayén](#) e [Rosa Liarte](#)), queremos agradecer a colaboración de profesorado galego próximo a nós co que consultamos dúbidas e buscamos consello, e que nos axudou enormemente: Miguel Carricoba, Carlos Calviño, Henrique Hervés, Paulo Jablonski ou Jose Antonio Martínez.